

## RÓGASE LER CON ATENCIÓN

O Concello de O Pereiro de Aguiar infórmalles da apertura do prazo de inscrición para as actividades de Verán 2011 dentro do programa de apertura de centros fóra do horario lectivo, tamén coñecido como Programa Concilia, que se leva acabo na Aula de abaixo do CEIP Ben-Cho-Sey.

Horario:

Luns, Martes, Xoves e Venres: De 07:30 ata 14:30

Mércores: De 08:00 ata 14:30. (Día de piscina)

\*Ó longo do verán faremos diversas excursións que farán variar este horario, sempre ampliandoo. Informarémolles coa suficiente anticipación.

Duración:

Esta aula estará aberta todo o verán desde o 23 de Xuño ata o 9 de Setembro, agás o **25 de Xullo** e o **15 de Agosto** que **pechamos** por ser **festivos** en toda a Comunidade Autónoma.

Día de piscina:

Os mércores, se fai bó tempo, acudiremos ó complexo deportivo de Monterrei, para facer xogos e acudir á piscina. Por esta razón comezamos a xornada un chisco máis tarde. Hai que levar ós nenos/as ata Os Gozos, no campo do Centro de Día, entre as 08:00 h e as 09:00 h. A esa hora faremos unha pequena andaina ata o complexo de Monterrei, a partir das 09:00 h un monitor estará xa en Monterrei para recoller os nenos/as que cheguen máis tarde.

As prazas no servizo:

Poden facer uso deste servizo os rapaces e rapazas de entre **tres** anos e **dezaseis** anos, que pertencen ao segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria.

Teñen que presentar:

- Certificado laboral co horario laboral dos pais que xustifique que están traballando.
- Certificado do padrón dos pais **ou** do neno/a.

\*Os nenos que usan este servizo dende o Nadal 2010-2011 non están obrigados a presentar a documentación anterior pero si a ficha de inscrición

Admitirase ós usuarios por orde de presentación das solicitudes.

Datas:

Podéñse presentar as solicitudes entre os días **1 e 10 de Xuño**.

O 17 de Xuño sairán as listas de admitidos.

En caso de non asistir durante un periodo de 5 días consecutivos sen avisar ós monitores responsables do servizo, o usuario quedará automaticamente excluído do servizo, quedando a súa praza a disposición da lista de espera.

Servizo de almorzós;

Como novidade este ano e ante a demanda dalgúns pais ofértase a posibilidade de almorzar na aula, as condicións para que se poda realizar son:

- Que o soliciten un mínimo de 15 nenos.
- Se o número e inferior, que os pais destes nenos se poñan dacordo e fagan fronte o custo dos cinco almorzos.

\* Este servizo ofreceo a ANPA do CEIP polo que é de pago e alleo ó servizo, aínda que se leve a cabo dentro del.

PROGRAMA DE APERTURA DE CENTROS FÓRA DO HORARIO  
LECTIVO  
VERÁN 2011  
CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR

**DATOS DO ALUMNO**

Nome e apelidos \_\_\_\_\_

Data de nacemento: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_

Alerxias ou intolerancias alimentarias coñecidas:  DN  SI

En caso afirmativo describilas:

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

**DATOS DA NAI/PAI OU TITOR LEGAL**

Nome e apelidos:

\_\_\_\_\_

DNI: \_\_\_\_\_

Enderezo:

\_\_\_\_\_

Localidade: \_\_\_\_\_ Código Postal:

\_\_\_\_\_

Teléfonos de contacto: *importante, no caso que teñamos que avisar a alguén, indicar o tipo de relación familiar (nai-pai-avó-avoa, etc.)*

Familiar 1: \_\_\_\_\_ – Tel. fixo \_\_\_\_\_ Tel. móbil

\_\_\_\_\_

Familiar 2: \_\_\_\_\_ – Tel. fixo \_\_\_\_\_ Tel. móbil

\_\_\_\_\_

Correo electrónico de contacto:

\_\_\_\_\_

Autorizo ó meu fillo/a á asistir e utilizar o servizo Concilia. E para que así conste asino a presente folla de inscrición en:

\_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_

Asdo: \_\_\_\_\_

En base á “Lei Orgánica do 5 de maio de Protección Civil del Derecho al Honor, a la Intimidad Personal y Familiar y a la Propia Imagen”, autorizo ós monitores dos obradoiros que se realizan durante o VERÁN 2011 no CEIP Ben-Cho-Shey a tomar fotografías ó meu fillo/a tutorado/a ....., para o seu posible uso na páxina do Concello, no noso blog ou na propia aula.

SI autorizo a toma de fotografías

NON autorizo a toma de fotografía  
No Pereiro de Aguiar a.....de.....de 2010

Periodización:

Indicar os períodos nos que o neno/a fará uso do servizo. En caso de non asistir durante un periodo de **5 días consecutivos** sen avisar ós monitores responsables do servizo, o usuario quedará automaticamente **excluído** do servizo, quedando a súa praza a disposición da lista de espera.

**Xuño:**

Do 23 ó 30

**Xullo:**

Do 1 ó 15

Do 16 ó 31

**Agosto:**

Do 1 ó 15

Do 16 ó 31

**Setembro:**

Do 1 ó 9

ALMORZO:

Si

Non

